XX
María Casares
PREMIOS
DE TEATRO

DOSIER DE PRENSA
XX PREMIO DE TEATRO MARÍA CASARES

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Os galardóns da escena

Os Premios María Casares son os galardóns de carácter anual que distinguen as producións escénicas estreadas durante o ano anterior á súa concesión e a todos os profesionais que nelas participan. Outórganse no ámbito do país ás montaxes estreadas durante o ano anterior á súa concesión e a todos os profesionais que nelas participan. A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) promove estes galardóns que, dende o ano 1997, buscan recoñecer o traballo realizado polos diferentes profesionais do sector na súa totalidade, dende os maquilladores até vestiaristas, pasando polos iluminadores, músicos, guionistas, adaptadores, tradutores, autores, escenógrafos, directores e o corpo interpretativo. Deste xeito, os María Casares convértense dende a súa creación no gran escaparate do teatro feito en Galicia e visibiliza o labor desenvolvido por todos os seus traballadores.

Con eses obxectivos, os galardóns constan de catorce categorías diferentes que representan todas as facetas da produción escénica. Ademais, a AAAG entrega cada ano o Premio de Honra Marisa Soto, co que o sector agradece e recoñece a traxectoria de colectivos e persoas relevantes no desenvolvemento do sector teatral.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia

A **Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)** vén de cumprir en 2015 o seu trinta aniversario, sendo dende a súa fundación un axente cultural imprescindible no desenvolvemento tanto das artes escénicas coma do audiovisual.

Na súa creación en 1985, a Asociación estableceuse como unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica que actúa como organismo autoxestor e autónomo agrupando actores, actrices, directores e directoras de Galicia. Entre os seus obxectivos fundamentais figura a promoción dun sector galego da escena e do audiovisual ben artellado e acorde coas políticas culturais máis modernas así como a defensa dos dereitos laborais do seu corpo asociativo, constituído actualmente por 300 socios e socias e mais do conxunto da profesión. A AAAG sustenta as súas actividades principalmente en base ás cotas aboadas polos socios, así como tamén por axudas e subvencións de organismos oficiais, entidades públicas e privadas.

O máximo órgano da asociación é a asemblea xeral, conformada polo conxunto dos asociados, que cada dous anos elixen unha xunta directiva -constituída por presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a e vogais- encargada de conducir a actividade da mesma, de representar os e as asociados/as e procurar unha serie de obxectivos e principios que relatamos a continuación:

-Actuar como un axente dinamizador e modernizador das políticas culturais de Galicia

-Fomentar a demanda cultura e captación de públicos

-Apoio ao sector afeccionado das artes escénicas e audiovisuais

-Deseño e implementación de proxectos produtivos.

-Servir de espazo de relación e de coordinación entre profesionais

-Representar o colectivo diante dos poderes públicos.

-Defender os intereses laborais e dos dereitos de imaxe dos asociados.

Entre as actividades levadas a cabo pola AAAG, cómpre destacar:

- Fomento da formación. Organización ao longo do ano de diversos cursos, obradoiros e clases de traballo interpretativo con directores, produtores e responsables de *cásting* de recoñecido prestixio.

- Edición e difusión do Catálogo de Actores e Actrices. Dende as súas orixes, a AAAG elaborou en diversos formatos unha sucesión de catálogos co seu corpo asociativo, enténdoo como unha ferramenta imprescindible para a difusión do traballo dos nosos actores e actrices. A última actualización presentouse en decembro de 2015, coincidindo coa renovación da páxina web e dun anovado catálogo *online* que lles permite aos intérpretes actualizar a súa ficha sen intermediación.

- Información puntual aos asociados de convocatoria de cursos, audicións, bolsas e subvencións relacionadas co sector. Esta información achégase aos asociados a través da comunicación directa a través de boletíns periódicos, como tamén da web e das redes socias.

- Realización de Lecturas Dramatizadas

- Organización dos Premios de Teatro María Casares.

- Asesoría laboral e xurídica.

- Guía de servizos. A AAAG mantén unha serie de acordos e colaboracións con empresas privadas relacionadas co sector para que o corpo asociativo poida acceder aos seus servizos con descontos e facilitar así o desenvolvemento do seu oficio.

María Casares: actriz universal

O 21 de novembro de 1922. Aquel día, na Coruña, naceu a que sería a actriz galega con maior proxección internacional, María Victoria Casares Pérez, filla de Santiago Casares Quiroga, ministro e xefe de Goberno da II República. O éxito da actriz chegaría lonxe da casa, en Francia, nun exilio do que só volveu en contadísimas ocasións.

En Francia, a onde chegou con trece anos e tan só tres meses despois do inicio da Guerra Civil, Casares principiou a súa formación teatral até estrearse como actriz no afamado teatro Les Mathurins en 1942. Nese escenario iniciou unha frutífera e recoñecida carreira teatral na que traballou con actores como Jean Marchat, Jean Anouilh ou Georges Vitaly. Foi naquela época, nos anos corenta, cando iniciou tamén a súa selecta traxectoria no cine, debutando na clásica *Les Enfants du paradis*, de Marcel Carné. E foi tamén naqueles anos corenta, cando María Casares coñeceu a Albert Camus, iniciando unha longa carreira artística e persoal.

Deste xeito, María Casares acabaría por consagrarse como actriz de referencia e de enorme recoñecemento ante o público. Ao final da súa vida recibiu grandes premios da súa carreira: o Premio Nacional de Teatro e a Lexión de Honor. Dende España chegoulle a Medalla de Belas Artes e dende Galicia, o título de filla predilecta da Coruña e a medalla Castelao.

En 1997, a AAAG bautizou os seus premios de teatro co nome da actriz para recoñecer a súa longa traxectoria e a súa pegada na interpretación internacional. María Casares quixo acudir á primeira gala destes premios, mais o seu falecemento impediullo.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

CANDIDATOS AO MELLOR ESPECTÁCULO







MELLOR ESPECTÁCULO INFANTIL

asociación de actores e actrices de galicia

Premios de Teatro MARÍA CASARES

NOMEADOS/AS XX PREMIOS MARÍA CASARES

Mellor Maquillaxe		
candidat@	espectáculo	compañía
Fany Bello	Calypso	Voadora
Raquel Fidalgo	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Trini F. Silva	Manawee	Matrioshka Teatro

Mellor Vestiario		
candidat@	espectáculo	compañía
Fany Bello	Calypso	Voadora
Marián Bañobre	O Furancho	Ibuprofeno Teatro
Uxía P. Vaello	Panamericana	A Panadaría

Mellor Escenografía		
candidat@	espectáculo	compañía
Baltasar Patiño	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
Carlos Alonso	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego
Suso Montero	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro

Mellor Iluminación		
candidat@	espectáculo	compañía
Afonso Castro	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego
Baltasar Patiño	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Baltasar Patiño/Xúlio Lago	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico

Mellor Música Orixinal		
candidat@	espectáculo	compañía
Anxo Graña	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
Manuel Riveiro	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego
Mónica de Nut, Vadim Yukhnevich e Javi Bermejo	Manawee	Matrioshka Teatro

Mellor Adaptación/Tradución		
candidat@	espectáculo	compañía
Afonso Becerra	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
Ánxeles Cuña Bóveda	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Xosé Manuel Pazos	Unhas Poucas Picadelas	Teatro de Ningures

Mellor Texto Orixinal		
candidat@	espectáculo	compañía
Alex Sampayo e Borja F. Caamaño	Noiteboa	Redrum Teatro
Areta Bolado	Panamericana	A Panadaría
Diana Mera, Merche Pérez, Teté García	30 e tantos ósos	Aporía Escénica
Jose Prieto	Presidente	Teatro do Morcego
Santiago Cortegoso	O Furancho	Ibuprofeno Teatro

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Mellor Actriz Secundaria		
candidat@	espectáculo	compañía
Anabell Gago	Manawee	Matrioshka Teatro
Areta Bolado	Panamericana	A Panadaría
Iolanda Muíños	Presidente	Teatro do Morcego

Mellor Actor Secundario		
candidat@	espectáculo	compañía
Alberto Rolán	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
César Goldi	Presidente	Teatro do Morcego
Josito Porto	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro

Mellor Actriz Protagonista		
candidat@	espectáculo	compañía
Fina Calleja	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
Mela Casal	Noiteboa	Redrum Teatro
Melania Cruz	Xardín suspenso	Centro Dramático Galego

Mellor Actor Protagonista		
candidat@	espectáculo	compañía
Antonio Durán "Morris"	O Crédito	eme2 producións
Machi Salgado	Unhas Poucas Picadelas	Teatro de Ningures
Toni Salgado	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico

Mellor Dirección		
candidat@	espectáculo	compañía
Alex Sampayo	Noiteboa	Redrum Teatro
Jose Prieto	Presidente	Teatro do Morcego
Xúlio Lago	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico

Mellor Espectáculo Infantil		
	candidat@	compañía
	Feo!	Caramuxo Teatro
	Jim e a illa do tesouro	eme2 producións
	Manawee	Matrioshka Teatro

Mellor Espectáculo		
	candidat@	compañía
	Ensaio sobre a cegueira	Sarabela Teatro
	O Principio de Arquímedes	Teatro do Atlántico
	Presidente	Teatro do Morcego

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

O principio de Arquímedes. Oito nomeacións

As dúbidas e a desconfianza entre augas transparentes

Teatro do Atlántico preséntanos unha peza de Josep María Miró i Coromina na que os pais duns rapaces que asisten a uns cursos de natación infantil preséntanlle á directora do Centro as queixas sobre o inadecuado comportamento dun monitor, quen tratando de tranquilizar a un cativo asustado ao ter que prescindir do "salvavidas" para lanzarse á piscina, abrazouno e deulle un bico, segundo lles contou aos pais unha nena compañeira de cursiño.

O adestrador explica que o único que fixo foi intentar calmar a angustia do rapaz e axudalo a tranquilizarse, pero os pais non aceptan esa versión dos feitos e o conflito, lonxe de resolverse, non para de medrar.

Nomeacións
Mellor espectáculo
O principio de Arquímedes
Mellor dirección
Xúlio Lago
Mellor actor protagonista
Toni Salgado
Mellor actor secundario
Alberto Rolán
Adaptación/tradución
Afonso Becerra
Mellor escenografía
Baltasar Patiño
Mellor Iluminación
Baltasar Patiño / Xúlio Lago
Mellor Múxica Orixinal
Anxo Graña

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Ensaio sobre a cegueira. Sete nomeacións

Ensaio sorbe a cegueira: Saramago segundo Sarabela

Nomeacións
Mellor espectáculo
Ensaio sobre a cegueira
Actriz protagonista
Fina Calleja
Actor secundario
Josito Porto
Mellor adaptación/tradución
Ánxeles Cuña Bóveda
Mellor Escenografía
Suso Montero
Mellor Iluminación
Baltasar Patiño
Mellor Maquillaxe
Raquel Fidalgo

Sarabela Teatro leva á escena galego unha das novelas máis coñecidas de José Saramago: Ensaio sobre a cegueira*. Nun semáforo, nunha cidade calquera, principia o andazo. Unha cegueira branca salta de vítima en vítima, deixando a escuras á civilización. O Goberno actúa a golpe de represión e confina todos os doentes en centros de internamento. Mais todas as medidas fracasan nun mundo de violencia, de supervivencia e de crueldade. Un grupo de enfermos, encabezado pola única muller que conserva a vista, buscan manter a súa humanidade nunha loita contra o reverso máis escuro da natureza.*

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Presidente. Cinco nomeacións



Sátira e política durante a campaña electoral

En plena campaña electoral, coas enquisas vaticinando a derrota electoral do seu partido, o Presidente do goberno e os seus asesores deciden tomar unha iniciativa desesperada: O presidente visitará persoalmente os votantes nas súas casas para convencelos de que o voten.

Distintas familias recibirán nas súas casas, sen previo aviso, a inesperada visita do PRESIDENTE. Unha familia humilde en situación crítica cos seus membros en paro, unha familia ultraconservadora preocupada pola perda dos valores tradicionais ou unha familia monoparental antisistema, escoitarán de súpeto como soa o timbre da súa porta e ante eles aparece o Presidente disposto a convencelos de que a súa opción é a mellor.

Conseguirá o PRESIDENTE o voto de xente tan variada, darlle a volta ás enquisas e continuar gobernando outros catro anos?

Espectáculo	Dirección	Texto orixinal	Actor secundario	Actriz secundaria
Presidente	José Prieto	José Prieto	César Goldi	Iolanda Muíños

Xardín Suspenso. Catro nomeacións

A fidelidade e o desamor

Até onde pode chegar a fidelidade a un amor non correspondido? O CDG fura nesta pregunta a través da vida de Lucía, unha arquitecta nova que constrúe un xardín na antiga horta da casa dos pais, fogar que abandonou e ao que só regresou a petición de Mario con quen, sen ser irmán de sangue, medrou. Cando este se compromete con outra muller, Lucía desiste de todo, mesmo de vivir.

Actriz protagonista	Iluminación	Escenografía	Música Orixinal
Melania Cruz	Afonso Castro	Carlos Alonso	Manuel Riveiro

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Manawee. Tres nomeacións

Manawee é un espectáculo de creación contemporánea para tódolos públicos sobre a emoción, que pon o foco nos momentos de cambio que se dan entre os 8 e os 13 anos. En Manawee, *Anabell Gago, Lorena Conde e Chelo do Rejo, escríbense unha carta a si mesmas. Unha nota aclaratoria sobre o que xa pasou e non se decataron*

Actriz secundaria	Maquillaxe	Música orixinal	Espectáculo Infantil
Anabell Gago	Trini F. Silva	Mónica de Nut, Yuknevich e J. Bermejo	Manawee

Panamericana. Tres nomeacións

Panamericana é unha comedia con sabor a guiso tropical. Un musical no que tres actrices interpretan 24 personaxes. Miranda Celia del Río é unha artista de éxito no seu país, Panamérica, pero a presión da fama fai que fuxa na procura doutra vida. A súa escapada remata na Provincia, unha vila na que enfronta á laberíntica e absurda burocracia sanitaria e financeira. Panamericana fala dun sistema perverso e dos soños rotos dende unha óptica optimista e divertida.

Actriz secundaria	*Areta Bolado*
Texto Orixinal	*Areta Bolado*
Vestiario	*Uxía P. Vaello*

Noiteboa. Tres nomeacións

Chega o Nadal a Compostela e con el os agasallos, as panxoliñas, as ceas en familia e o xa tradicional roubo do Neno Xesús da Praza do Obradoiro. Ninguén debería cear só en Noiteboa e por iso Mariví fará todo o posible para que durante unhas horas Arturo, Nico e máis ela sexan unha familia de verdade. Redrum preséntanos así unha traxicomedia na que coñecemos a tres personaxes diferentes que, ao longo da obra, van desprendéndose das súas máscaras cotiás.

Dirección	Álex Sampayo
Texto Orixinal	A.Sampayo /B.F Caamaño
Actriz	Mela Casal

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

O Furancho. Dúas nomeacións

Agroglamour entre a tradición e o futuro

Marián Bañobre e Isabel Risco, sempre na vangarda do deseño e das últimas tendencias, preséntannos a súa última creación: O furancho. Un espazo cargado de "agroglamour" no que se fusiona a estética máis "trendy" con elementos propios da máis pura tradición, coma os zocos e o pololo. Cada un dos detalles é parte dun todo harmónico configurado a partir de estilismos minimalistas e cálidos que sintetizan o pasado co presente, o rural co cosmopolita.

Vestiario	Texto Orixinal
Marián Bañobre	Santiago Cortegoso

Calypso. Dúas nomeacións

Maquillaxe	Vestiario
Fany Bello	Fany Bello

A deconstrución da realidade

R, G e B son as cores que conforman o espectro da túa realidade, pero tamén son os nomes dos protagonistas de Calypso*. Obreiros entre dimensións que fabrican as contornas do noso mundo antes de que nos levantemos cada mañá para velo. Un labor complicado, especialmente agora que han de crear unha paisaxe nos albores dun cambio. Unha realidade baixo aviso de derrubamento.*

Unhas poucas picadelas. Dúas nomeacións

Radiografía escénica da violencia machista

Afóndase no terreo da violencia de xénero. A orixinalidade da súa proposta radica en que non hai unha historia concreta ou, mellor dito, a aparente falta de historia, de narración, semella convidarnos a dar entrar a miles de historias reais e anónimas, todas as historias de violencia machista que acaban en asasinato e todas as que, sen morte física, acaban aniquilando vidas. É unha obra de imaxes contemporáneas de ánimas en pena, algunhas iluminadas polos medios de comunicación, mais a maioría, agochadas pola escuridade do anonimato.

Actor protagonista	Adaptación-tradución
Machi Salgado	Xosé Manuel Pazos

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

FEO. Unha nomeación

Canto á diversidade

*Caramuxo presenta un novo espectáculo de pequeno formato, inspirado n'*O Parrulo Feo *de Andersen. A pequena fábrica de parrulos de Goma* Il Papero Giallo *produce todos os dias centos de parrulos da mesma forma, mais un dia sae un parrulo diferente.*

Espectáculo Infantil *Feo!*

O crédito. Unha nomeación

Unha visita inesperada

Un cliente desesperado acode á sucursal do banco coa intención de pedir un crédito de 3.000 euros. Malia a negativa do director, o cliente insiste. E faino por vías totalmente inesperadas que descolocarán por sempre á vida e á familia do director

Actor Antonio Durán 'Morris'

Jim e illa do Tesouro . Unha nomeación

Revisitando o clásico de Stevenson

Eme2 presenta nesta montaxe unha combinación entre monicreques e actores para facer un achegamento anovador da obra clásica de Stevenson a través dunha linguaxe moi coidada. Unha aposta estética diferente para achegarse ás historia de piratas.

Espectáculo infantil *Jim e a Illa do Tesouro*

FEO. Unha nomeación

O cerne da existencia

30 e tantos ósos é unha viaxe de catro mulleres de 30 e tantos anos que, cansas de vivir agochadas baixo carcasas prefabricadas, adoptando condutas alleas, deciden transcender a pel e a carne a través da figura mítica da Loba, para chegar aos seus ósos.

.

Texo Orixinal *Aporía Escénica*

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Revista Galega de Teatro. Premio de Honra Marisa Soto



A *Revista Galega de Teatro* ten unha sorte de prehistoria no *Boletín de Información Teatral da Escola Dramática Galega*, cuxo número 0 aparece en Vigo en 1983. O obxectivo, dende aquela primeira publicación, é fundamentalmente "dar un paso máis no camiño da normalización teatral en Galicia. Unha normalización que consistía –e consiste tamén a día de hoxe– en informar sobre a actividade teatral". Esa meta xamais cambiaría, mais si a súa cabeceira. Porque tras o peche da sección de Vigo da Escola Dramática Galega, o Boletín pasaría a coñecerse como *Información Teatral* e máis tarde, a partir do número 11 bautizaríase de xeito definitivo co actual *Revista Galega de Teatro*. Mudaba o nome, non os principios.

Ao longo destes 33 anos, a Revista Galega de Teatro sempre estivo presidida pola independencia de calquera opción partidista ou corporativa, a procura do rigor e a honestidade informativa, a atención preferente do noso teatro, mais sen descoidar a curiosidade polas manifestacións artísticas alén das nosas fronteiras. Esas son as coordenadas que guían o seu labor dende os seus principios e que serven de folla de ruta para un consello de redacción que, na actualidade, está constituída por Che Mariño, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel Xestoso, Inma López Silva, Vanessa Sotelo, Casilda Alfaro, Gonzalo Rodríguez, Roberto Pascual, Afonso Becerra e Antón Lamapereira. Ao seu traballo hai que engadirlle o labor imprescindible dun gran feixe de colaboradores.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Por norma, a estrutura da revista responde a unha serie de seccións: Editorial, Banda Deseñada, Temas –un breve monográfico por trimestre-, Escena Aberta –crónicas de festivais- Entrevistas, Libros, Críticas de Espectáculos, Ficheiro e Textos.

A revista susténtase grazas á Asociación Cultural Entre Bambalinas. O seu financiamento depende principalmente das subscricións, da venda en librarías, da inclusión de publicidade e dos acordos de colaboración con entidades como o Cercle Artistic de Menorca ou a Fundación Aisge. Tamén recibe de forma puntual subvencións de diferentes Administracións, sendo obrigatorio citar a colaboración loxística do Concello de Cangas.

Dende o número 8, a RGT incluíu textos dramáticos, inaugurando a colección "2132" cun texto de Roberto Vidal Bolaño. A partir de alí, un gran número de dramaturgos e dramaturgas **galegas** seguiron a súa senda publicando na citada colección. Euloxio Ruibal, Luísa Villalta, Manuel Forcadela, Lino Braxe, Manuel Lourenzo, Vanesa Sotelo, Clara Gayo ou Rubén Ruibal son algúns exemplos. A nómina complétase coas traducións ao galego de Iztiar Pascual, Juan Mayorga, Michel Azama, Suzanne Lebeau, etc. Préstaselle tamén unha atención especial é edición de textos en lingua portuguesa como Abel Neves ou Marta Freitas. A RGT leva editado máis de setenta textos.

A Asociación Cultural Entre Bambalinas emprendeu outra serie de iniciativas en paralelo á Revista e de gran calado para o sistema teatral. Ademais da mencionada colección, creou en 1995 en colaboración co Concello de Cangas e a Compañía Teatro de Ningures o Fondo Teatral María Casares na Biblioteca de Cangas, formado pola cesión de fondos e diversas coleccións de revistas especializadas. Outro proxecto de gran importancia foi a posto en marcha o *Teatro Crítico Universal. Blog de crítica de espectáculos da RGT* en 2014, coa participación de críticos como son Manuel Xestoso, Roi Vidal, Inma López Silva, Carla Capeáns, Camilo Franco ou Afonso Becerra. Tamén cómpre destacar a convocatoria do Certame de Banda Deseñada sobre Teatro, que xa cinco edicións.

O Premio de Honra Marisa Soto únese a unha serie de recoñecementos que a revista xa recibiu. Entre eles, destacan o VII Premio Xiria ao Labor Teatral 1993, a Medalla ADE 2006, Medalla CELCIT 2010, Premio FEGATEA 2010, o Premio Máscara Teatro 2011 ou o Premio de Honra Abrente 2013.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

MONTSE DO PICO

Montse Dopico (A Pontenova, Lugo, 1977) converteuse nos últimos anos nunha das **xornalistas culturais de referencia**, cuxo traballo abrangue a difusión, a análise e a crítica do conxunto das manifestacións culturais e artísticas. Malia a amplitude do seu traballo, a súa traxectoria achegouse principalmente **aos eidos do teatro, da literatura e mais do pensamento e das correntes de xénero**.

A súa carreira profesional iniciouse ao redor do ano 2000, traballando brevemente nas redaccións de *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego* ou *El Progreso de Lugo*. Mais foi a partir do seu traballo no desaparecido *Galicia Hoxe*, onde exerceu durante catro anos, cando encamiñou as súas preocupacións xornalísticas ao redor da cultura.

Tras o peche da cacebeceira, Montse Dopico iniciou unha ampla carreira de fondo como *freelance*, iniciando colaboracións en medios en galego como *Praza Pública* ou en xornais como *El Mundo*, *El País Galicia* ou *Faro de Vigo*. Nesta medio, publicou durante anos no suplemento *Faro da Cultura*. Dende setembro de 2015, Dopico encárgase da coordinación da revista *Luzes*.

O seu traballo mereceu en 2015 o premio á Mellor Traxectoria Cultural outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración co Colexio Oficial de Xornalistas. Ao longo dos últimos anos, ademais, ten formado parte dos xurados de importantes galardóns, como son o Premio Xerais de 2014 ou os Premios da Crítica na súa modalidade de Artes Escénicas.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

Existe o teatro galego?

Cultura, así, con maiúsculas, non é unha consellería. Unha dirección xeral. Non é unha *non política*. Nin unha retallada do 70% nos xa cativos apoios que deberían servir para que unha entrada nun espectáculo non fose só un luxo exclusivo para ricos. Non é asentir e non facer, mesmo escoitando. Non é ignorar a realidade de tantos e tantas profesionais que están a verse obrigados a marchar, outra vez, ou a volver ás prácticas do tempo do amateurismo.

Se algo sostivo -e sostén- a cultura en Galicia, e o teatro como parte dela, non foi -con honrosas e escasas excepcións- o paternalismo dunhas institucións que nin sabían, nin moitas veces contestaban. Foi o empeño persoal, e colectivo, de todos os creadores e creadoras que non só resistiron, senón que actuaron. E que actúan. Que fan, refán, reiventan. Malia a precariedade. Malia a censura. Titeriteiros, titeriteiras, todos.

Todas as que dixeron non ás sentenzas de derrubamento por esgotamento. Aos intentos de desafiuzar un oficio que precedeu e vai sobrevivir aos que tentaron desmantelalo co seu desprezo. A cultura non existe, nin existiría, sen eles e sen elas. Sen a base que a sustenta. Desde antes de que se comezase a apelar ao sistema que os integra. Desde antes mesmo de poñerlle nome ao galeguismo, de comezar a reivindicar a lingua como cerne da creación. A cultura propia.

O teatro galego non existe se se reduce ás maiúsculas. Porque sempre se escribiu, e se escribe, coas letras de abaixo. E malamente poderá pervivir xa non só no medio da non política de navalladas aos orzamentos culturais, senón na trampa dunhas axudas que parecen concibidas para fomentar a dependencia. Dos avatares políticos. Dos cambios -e ausencias- de quen encabeza as institucións. De vontades alleas ás artes escénicas, non representadas onde se toman realmente as decisións. Para logo producir, como se pode, e non poder nin distribuír, cunha rede de teatros asfixiada.

Mais o teatro tampouco poderá capear a treboada se ten medo. Se dimite e, entre lamentos, se retira ante as ameazas. Se rexeita, xa de primeiras, a procura doutras fórmulas de relacionamento coa administración. Se non procura o xeito de renovar o seu encontro co público e se renuncia ao contraste con públicos máis afastados. Se teme a crítica, e en especial a foránea. Se cede ante a presión do desemprego e acepta mutilar os dereitos laborais. Se abandona a protesta polo que é seu.

Se non supera dinámicas de acomodamento nas que algunhas compañías e profesionais tamén caeron co desenvolvemento do teatro institucional. Se entra no xogo da política de pasillos, reverso do divide e vencerás. Se non comprende os novos xeitos e canles de promoción. Se non se esixe, a si mesmo, a excelencia profesional debida, malia as dificultades. Para que a experiencia de quen mira sexa, sempre, verdade.

Mais nada fará máis forte o teatro que cumprir a encomenda de Bertolt Brecht, estensiva a toda a cultura, e tamén ao xornalismo. Axudar a que as persoas “coñezan en número suficiente a causa dos seus sufrimentos e dos seus perigos, saiban como suceden as cousas e que métodos adoptaren para eliminar os seus verdugos”. Transmitir este saber “ao número máis grande de xente posible”. Ser socialmente útiles. Vivir, sempre, do lado das letras minúsculas. Que é o seu. Ou, como dicía Ana Vallés arredor da última obra de Matarile, ir á procura do que sae por fóra, do que altera. Do que nos conduce a outras miradas. Á transformación da realidade. Ou polo menos á busca da beleza, entendida non como o contrario da fealdade, senón da indiferenza.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

A GALA DOS XX PREMIOS MARÍA CASARES. CHÉVERE

O grupo Chévere encargarase neste 2016 de conducir, dirixir e presentar os XX Premio de Teatro María Casares. O director da cerimonia, Xesús Ron, adianta que a **gala se pode definir como un musical e que significará unha gran celebración para a escena**. "Será unha mostra dos motivos polos cales debemos sentirnos orgullosos do teatro que se fai en Galicia. Na gala buscarase reforzar a parte positiva do teatro feito nestes últimos anos", sinala Ron, antes de concluír que "malia que a crise non rematou, abandonamos o discurso de queixa para reivindicar a fortaleza do talento". O espectáculo ideado por Chévere renderá homenaxe a María Casares, polo seu vixésimo cabodano e ás Irmandades da Fala no seu centenario.

En total, subirán ao escenario un total de catorce artistas entre músicos e intérpretes. Os actores e actrices que participán son Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Miguel de Lira, Arantza Villar, Mónica García, Borja Fernández, Cristina Iglesias, César Goldi e Marcos Ptt. A banda, que compón a música para a gala, estará formada por Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez, Manuel Cebrián, Xosé Miguélez e Javi GDJazz. A escenografía correrá a cargo de Suso Montero e Marta Horjales encargarase da produción executiva.

Chévere propón unha celebración festiva, ambiciosa, musical e coral para botar unha mirada orgullosa e panorámica a algúns dos fitos que marcaron a cultura e o teatro galegos dende que en 1916 se fundaron as Irmandades da Fala na rúa Rego de Auga da Coruña, facendo un exercicio de imaxinación histórica para establecer un diálogo escénico entre os feitos, personaxes e creación locais e as correntes principais da cultura internacional de cada época. Proponse así unha gala que reivindica unha identidade cultural propia aberta ao mundo, unha mirada orgullosa ao pasado para afrontar con determiniación o futuro do teatro, da lingua e da cultura galegas.

Escenografía Suso Montero

Para achegarse á atmosfera dun musical, Chévere idea un xogo de cambios de escenario baseados en telóns que aparecen e desaparecen combinados co aproveitamento estético da arquitectura da caixa escénica do propio teatro. Cada número musical contará cun telón pintado expresamente para reforzar a ambientación da época e do imaxinario estético que se propón, mesturando referencias visuais á cultura local e á cultura internacional.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

GRUPO CHÉVERE



Chévere é unha compañía de axitación teatral con 28 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural. Chévere actuou en centos de vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos.

Conservou un núcleo artístico estable (Miguel de Lira, Xron, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés) ao tempo que incorporaba a numerosos profesionais de distintas procedencias xeográficas, xeracionais e creativas. Fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais (na rúa, en barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates, etc.). Usando o humor como filosofía e a risa como expresión, as súas obras levan ao palco os debates do presente, documentándoos escenicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Exemplos deste *modus operandi* foron recentemente obras como *Testosterona* (2009), a triloxía *Citizen* (2010-2011), *Eurozone* (2013), *Ultranoite no País dos Ananos* (2014) ou *As Fillas Bravas* (2015).

Chévere creou a Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa en 1992, un espazo cultural independente único pola súa singularidade, ocupándose da dirección artística ata o seu peche a finais de 2011. Alí mantivo o seu cuartel xeral durante 20 anos, servindo de base a gran parte da produción cultural galega e a infinidade de proxectos

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

escénicos, grupos e autores doutras comunidades que representan o máis arriscado deste período.

Nos últimos anos Chévere diversificou o seu teatro de operacións, como resposta á complexidade actual dos procesos creativos e á crise de financiamento da cultura. Participou en proxectos audiovisuais como *Pepe O Inglés* (serie emitida en TVG), *Crebinsky*, *o filme* (longametraxe en cine) ou *A Viaxe dos Chévere* (documental). Executou innovadores proxectos de creación en internet como *Amores Prohibidos 2.0*, xunto a un grupo de adolescentes. E converteu o seu teatro nunha ferramenta de divulgación, sensibilización e comunicación transversal a moitos sectores da sociedade (divulgación científica, promoción do comercio retallista, sensibilización sobre temas de igualdade e violencia machista).

CRÉDITOS DA GALA	
Xunta Directiva	
Presidente	Vicente Mohedano
Vicepresidenta	Mabel Rivera
Secretaria	Iria Sobrado
Vogais	Guillermo Carbajo, Diego Freire, Laura Míguez, Fede Pérez, Nieves Rodríguez
Equipo da Gala	
Idea e Creación	Chévere
Composición e dirección musical	Xacobe Martínez Antelo
Textos	Manuel Cortés
Vestiario	Carlos Alonso, Maribel Gómez
Coreografías	Marcos Ptt
Elenco	Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Miguel de Lira, Mónica García, Arantza Villar, César Goldi, Borja Fernández, Marcos PTT, Cristina Iglesias
Músicos	Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez, Manuel Cebrián, Xosé Migúelez, Javi GDJazz
Realización e montaxe escénica	CDG, Todos Gómez
Iluminación e son	Producciones Emsac
Realizador TVG	Gonzalo Pintos
Produtor TVG	Hilario Pino
Iluminador TVG	Alberto Goitia
Produción executiva e coordinación xeral	Marta Horjales
Administración	Alberto Blanco
Imprentas	Grafisant, Creade
Fotografía	Corsino, La Diapo
Deseño e realización figura M. Casares	Sargadelos
Prensa	Alberto Ramos
Protocolo e RR. PP.	Trevisani/TRC
Seguros	Mapfre
Asesoría	Xestión Social
Notario	Víctor Peón
Agradecementos	Centro Dramático Galego, Equipo Rosalía Castro, Equipo TVG, Restaurante La Tita, RC Náutico da Coruña, Voz Audiovisual.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

ORGANIZA

asociación de actores e actrices de galicia

PATROCINA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.

aisge FUNDACIÓN

fundación sgae

COLABORA

Padroado de Cultura
Concello de Narón

TELEVISIÓN DE GALICIA

centro dramático galego

GADIS

PRODUCCIONES Emsac S.L.

Trevisani

@TuitsdaAAAG #oscasares www.facebook.com/asociacionactores.actricesgalicia

www.aaag.gal